



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA ONCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

### ASISTENTES:

#### Presidente:

D. Roberto García Pernas.

#### Concelleiros:

D. José Prieto Barro.

D. Luis Antonio Vilasuso Seco.

D. Carlos Alberto Guerra González.

Dª. Tamara Paz Balsa.

D. Antonio Riveira Requeijo.

Dª. Isabel Campello Ares.

D. Mario Félix García Prieto

D. Luis Otero Paz

Dª. María do Mar Hermida Pico

#### Secretario- Interventor:

D. Antonio López Vila.

No salón de sesións da Casa do Concello de Xermade, sendo as vinte horas do día once de outubro de dous mil dezasete, xúntanse, en primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente D. Roberto García Pernas, e coa asistencia do Secretario-Interventor en acumulación D. Antonio López Vila.

Non asiste o concelleiro D. Oscar González Pardo.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar los asuntos incluídos na Orde do Día.

Asimesmo da conta da baixa por maternidade da Secretaria Dª. Paula Campos Rodriguez e o nomeamento en acumulación de D. Antonio López Vila.

### 1.- APROBACIÓN DE ACTA DE SESIÓN ANTERIOR.

Dada conta da acta da sesión realizada polo Pleno en data dez de agosto de dous mil dezase, da cal achegouse copia coa convocatoria a todos los membros da Corporación. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2586/1986, do 28 de novembro, o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algúna observación a dita acta.

A concelleira do BNG Sra. Hermida Pico manifesta que votará en contra porque cando se aprobou a acta anterior fixérónse matizáns e no medio do pleno corríxese sen votar, a acta non reflicte o que se di, recolle matices como lerela que demostra un desprezo por parte da Secretaria e do equipo de Goberno, ten que dar fé do que se dí e non pode tergiversar.

O Sr. Alcalde indica que se trata dun resumo do debate e considera que non hai desprezo de ningún tipo, é a súa forma de explicarse, debátense as cousas e aquí se reflicte un resumo do tratado.

Sometida a votación a aprobación da mencionada acta, resulta aprobada con cinco votos a favor dos membros do grupo Socialista, un en contra da concelleira do BNG e catro abstencións dos membros do grupo Popular.



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

## 2.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

**2.1. Resolucións Alcaldía.** De conformidade co disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2586/1986, do 28 de novembro, dáse conta aos membros da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 4 de agosto núm. 291/2017 e o 6 de outubro núm 420/2017.

A Corporación dáse por informada.

## 3. FESTAS LOCAIS 2018.

Visto o escrito da Xefatura territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que interesa que antes do próximo 15 de outubro do ano actual, se lle notifique os dous días que se fixan como festas locais no Concello para o ano 2018, non deben coincidir en domingo nine n ningún dos días sinalados como festivos autonómicos ou de ámbito estatal.

Vista a proposta da Alcaldía, na cal propón fixar para a anualidade 2018 como días festivos locais: o 13 de febreiro (martes de Entroido) e o 6 de Agosto (luns de Sta. María).

O Sr. Alcalde aclara que a data do 6 de Agosto está de acordo coa Comisión de Festexos.

Intervén o voceiro do grupo Popular Sr. Rivera Requeijo para manifestar que están de acordo coa proposta do 6 de Agosto por ser como se ten establecido que coincide coa festa de Xermade, e tamén co martes de entroido.

A continuación a concelleira do grupo BNG Sra. Hermida Pico en relación co 6 de agosto considera que se debería buscar unha data significativa para todo o Concello, tratándose dun Concello agrícola-gandeiro, tería que ser algo significativo para a agricultura ou gandaría, por outra banda pode pasarlle algo a Comisión de festexos, ese día é para Pedreiro non para Xermade.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía, resulta aprobada con nove votos a favor dos membros do grupo Socialista e do grupo Popular e un voto en contra da concelleira do BNG.

## 4. MOCIÓN

### 4.1. Moción do grupo BNG sobre as compensacións polos danos producidos pola fauna salvaxe.

A continuación dáse conta da Moción sobre as compensacións polos danos producidos pola fauna salvaxe, presentada polos concelleiros do BNG D. Óscar González Pardo e Dª. María do Mar Hermida Pico, á cal da lectura a Sra. Hermida Pico.

MOCIÓN sobre as compensacións polos danos producidos pola fauna salvaxe.

Os danos causados pola fauna salvaxe, principalmente polo lobo ou cans "asilvestrados" na gandeiría e o xabaril na agricultura, son constantes e van en aumento cada ano, causando graves prexuízos económicos a moitas explotacións agrarias do noso medio rural.

As escasas medidas que se puxeron en marcha por parte da Xunta de Galicia para controlar, minorar e compensar os danos provocados pola fauna salvaxe aos titulares de explotacións agrarias, nin atallan o problema nin compensan económicalemente os danos que



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

producen, pois estas axudas están mal xestionadas, son insuficientes e páganse con moito retraso.

No rural galego sempre conviviu a agricultura e a gandería coa fauna salvaxe e mantívose un certo equilibrio. O terreo ocupado pola agricultura e gandería era moito más extenso e as especies más depredadoras estaban aloxadas no monte máis agreste, e o seu número era reducido. Dende hai uns anos, o abandono da agricultura e o forte despoboamento agrario fixeron mudar a situación na dirección contraria. As especies de fauna más danosas para a gandería e os cultivos foron en rápida progresión e os habitantes do rural están desaparecendo. Xa se contan por miles o número de pequenos lugares desaparecidos nos últimos anos en Galicia.

A Xunta de Galicia sabe moi ben que o problema non se resolve cunhas batidas e que preservar o medio ambiente non debe ir en contra de conservar os labregos e os habitantes do rural. Por outra banda, a caza axuda a controlar en parte essta situación pero non pode ser responsabilidade dos Tecor os danos en cultivos nin accidentes de tránsito, feito que xa está provocando en moitos casos conflitos entre gandeiros e cazadores, algo que un goberno responsable non debería deixar que se produza.

A Xunta ten que asumir que o interese ecolóxico da conservación necesaria das especies é un ben público e non pode nin debe ser sostido por grupos sociais particulares, causando, como neste caso, importantes perdas económicas a gandeiros e cazadores, que moitos tamén son gandeiros.

Correspóndelle ao Goberno da Xunta de Galicia promover medidas de ordenación do monte e de cultivos que favorezan a permanencia das explotación e os cultivos agrarios e forestais e tamén a biodiversidade do medio ambiente no noso rural, asumir a responsabilidade da regulación e control dos danos producidos pola fauna salvaxe, facer un censo anual de especies, dos seu hábitats e da evolución e dimensión previstas, regular e controlar aquelas que sexan más danosas para a agricultura e gandería e habilitar os recursos económicos suficientes para compensar os danos provocados pola fauna salvaxe en explotacións agrarias e propiedades particulares.

Por este motivo, o Grupo Municipal do BNG de Xermade, presenta para o seu debate e votación o seguinte, acordo:

1. Demandar do Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente para compensar o 100% do valor dos danos provocados pola fauna salvaxe en explotación agrarias e gandeiras, atendendo ao valor real do dano producido e facilitando a xestión e o cobro inmediato da compensación económica correspondente.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

a) Crear unha comisión de control e seguimento dos efectos da fauna salvaxe, na que estean representados os sectores afectados como o gandeiro, propietarios de terreos, usuarios dos terreos cinexéticos, Administración..., facendo unha avaliación anual dos danos e beneficios relacionados con esta fauna.



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

b) Promover medidas de ordenación do monte e de cultivos que favorezan a permanencia das explotacións e os cultivos agrarios e forestais e tamén a biodiversidade do medio ambiente no noso rural.

Intervén o voceiro do grupo Popular D. Antonio Riveira Requeijo indicando que votarán a favor porque a finalidade e a defensa e axuda aos gandeiros e agricultores de Xermade, non están de acordo con todo pero hai que demandar que se lle pague ao 100% e con celeridade, a verdade que hai un esforzo orzamentario pero non é suficiente, e o procedemento administrativo atrasa os pagos.

O Sr. Alcalde considera que o abandono do campo leva consigo a proliferación de animais salvaxes como o lobo, xabarín, etc., agora recóllense animais mortos que afectan aos que se alimentaban diso como o lobo, as axudas non son reais, habería que valorar a rendabilidade, autorizar mais batidas o xabarín, no caso do lobo o prazo de aviso é moi curto e a burocracia atrasa o pago, a concentración parcelaria está parada a curto prazo, é interesante o da comisión porque o hai un problema grave co xabarín e o lobo está proliferando moito, tamén alude a contemplar a obriga de plantar tamén outras especies.

A concelleira do BNG Sra. Hermida Pico opina que si houbera vontade real desde a Administración de querer xestionar o monte, de reducir os danos dos xabaríns, do lobo, dos incendios, se se reducisen as plantacións de eucaliptos, e se mellorase a explotación de árbores autóctonas que non se obteñen beneficios a curto prazo, alude ao caso de montes comunais en Soria que reparten beneficios a comunidade e non hai esos ataques, en Galicia si houbera vontade de xestión sería a solución, e habería que concienciar a propiedade, si se da información e posibilidades de explotación o beneficio sería para todos.

Sometida a votación a moción presentada, o Pleno da Corporación co voto a favor dos dez membros presentes dos once que o compoñen, acorda a súa aprobación.

## 5. ROGOS E PREGUNTAS. Por escrito e orais.

### A) ROGOS.

A.1. Presentados por escrito polos concelleiros do grupo BNG, D. Oscar González Pardo e Dña. M.ª do Mar Hermida Pico.

A.1.1. Unha das maneiras de que a seguridade viaria sexa eficaz é manter as estradas nun estado de conservación axeitado. Isto inclúe todo tipo de sinalización incluído o pintado e mais agora que se aproximan as estacións con menos visibilidade do ano, incrementada por factores climatolóxicos adversos. Por iso a sinalización horizontal (pintado) é fundamental para manter a dita seguridade. Debido ao estado en que se encontran as estradas provinciais, polo exposto, formulamos o seguinte rogo:

- Instar á Deputación (titular das estradas) para que proceda ao seu pintado inmediato.
- Solicitar á Deputación que repare as que estean en mal estado.
- Esixirlle á Deputación que limpe as cunetas e tome as medidas necesarias para evitar as inundacións en sitios susceptibles de inundarse.



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

A.1.2. Ante o estado de falta de conservación da pista Cavadas-Lagoa, polo Caneiro, e Cavadas-Xemaré-Caneiro, estado que se viu agravado polo tránsito de maquinaria pesada pola corta e transporte de madeira. Así mesmo a canle do regato que pasa por Xemaré, á altura das pontes, está atascado por maleza e troncos; cando veñan as choivas fortes provocará o apresamento e posterior desbordamento do regato á altura destas pontes; polo exposto, formulamos os seguintes rogos:

- Que se proceda ao arranxo inmediato destas pistas para evitaar maiores prexuízos á veciñanza agora que se achega o inverno.
- Que se lle reclamen os danos producidos á empresa madeireira que realizou os traballos de corta, extracción e transporte de madeira.
- Que se limpe, ou se fagan as xestións pertinentes para facer a limpeza do regato de Xemaré á altura das ditas pontes.

A.1.3. Hai un camiño de lastras cuha ponte que cruza o río Trimaz e une as parroquias de Candamil e Burgás, antigamente moi utilizado e hoxe en desuso debido ao camio dos costumes no rural, que presenta un deterioro bastante visible. Esta ponte, das poucas ou quizás a única das súas características que cruzan o Trimaz, presenta unha construcción axeitada para evitar as inundacións, algo moi curioso pois xa os accesos á ponte prevén esta posible situación de anegamento. O deterioro vese agravado pola obstrucción nos ollos da ponte, cheos de maleza, e pola vexetación que presentan os piarezs, especialmente o central.

Dado que o concello é o máximo responsable de velar pola conservación do noso patrimonio, polo exposto, solicitamos:

- Que o concello proceda á súa limpeza para evitar un deterioro maior.
- Que o concello acometa as obras necesarias para a súa completa recuperación e restauración como patrimonio da veciñanza.
- E a seguir que o concello promocione e poña en valor o lugar cunha sinalización axeitada.

A.1.4. Despois do arranxo da zona pública situada entre o centro de saúde e o campo de fútbol de Xermade consideramos de vital importancia o pintado das prazas de aparcamento desta zona e reservar, cando menos, dúas prazas para persoas con mobilidade reducida, polo exposto, formulamos o seguinte rogo:

- Que o concello pinte coa máxima rapidez as prazas de aparcamento dos arredores do centro de saúde.
- Que se reserven e se sinalicen, cando menos, dúas prazas para persoas con mobilidade reducida, unha nas inmediacións das instalacións deportivas do club de fútbol de Xermade e outra o máis próxima posible ao polideportivo municipal.



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

A.1.5. Ante as reiteradas queixas da veciñanza de que a información do concello estea a disposición de todo o mundo e unha vez que foi aprobada en pleno, a instancias deste grupo político, unha moción para que a información estivese dispoñible en todos os soportes posibles sen que a única opción sexa ir ás oficinas municipais, polo exposto, solicitamos:

- Que, dunha vez por todas, se cumpran os acordos plenarios.
- Que a información que se publica no taboleiro de anuncios das oficinas do concello estea tamén no taboleiro de anuncios da web do concello e mais en calquera outro soporte informativo que utilice o concello.

Resposta Sr. Alcalde: xa teñen orde de poñela os funcionarios.

A.2. Presentados por escrito polo voceiro do grupo Popular, D. Antonio Riveira Requeijo.

A.2.1. En días pasados, a Xunta de Galicia ofreceulle ó Concello de Xermade, xunto con outros concellos que cumplían os requisitos baremados, a firma dun convenio no que lle aprotaba 90.000 euros para a adquisición dun tractor novo, con dúas desbrozadoras, para uso municipal, na limpeza de viais e espazos públicos.

Entendemos desde este grupo municipal que esta era a axuda que debería ter solicitado o alcalde de Xermade, e non embarcarse nunha operación ruinosa para o concello, adquirindo con cargo ó fondo de compensación ambiental, previsto para gastos municipais de melloras de infraestruturas ambientais, un tractor usado de dudosa rendibilidade.

O certo que levamos tres anos en que resulta imposible facer os desbroces en tempo e forma adecuada. Non falemos dos camiños municipais sen asfaltar e os de concentración que levan tres tempadas sin limpar, xusto o tempo no que goberna Roberto García, supoñendo ademáis un coste disparatado pola mala xestión municipal. Engádese a perda de axudas da Xunta de Galicia, nestes últimos anos, por non realizar os traballos de desbroces previstos.

Coa aportación do tractor, financiado pola Xunta de Galicia, e con unha xestión mellorada, desde o PP de Xermade entendemos que debería recuperarse unha actuación tan necesaria para manter transitables os accesos a vivendas e a parcelas agrícolas e forestais.

Pore lo facémoslle o seguinte, rogo:

Que se dedique a xestionar o importante parquet de maquinaria do que disporá o Concello para que a veciñanza non sufra á falta de limpeza de viais nin o incremento de gastos nos traballos.

Resposta Sr. Alcalde: a vostede todo lle parece ruinoso e non é adaptado a realidade, limpouse en case todo, en Piñeiro, en Candamil e outros, as das autovía non son competencia do Concello.

## B. PREGUNTAS.

B.1. Presentados por escrito polos concelleiros do grupo BNG, D. Oscar González Pardo e Dña. Mª do Mar Hermida Pico.

B.1.1. Vimos de saber pola prensa, como na maioría das veces, a intención que ten o concello de Xermade de adquirir un novo tractor con desbrozadora; polo exposto, formulamos as



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

seguintes preguntas:

- Esta adquisición baséase nun convenio, en que consiste?
- Que usos se lle darían a este vehículo agrícola?
- Manteríase o tractor que hai agora (adquirido hai un ano) ou este novo vehículo substituirá o actual?
- On se garda a maquinaria municipal?.

Resposta Sr.Alcalde: foi un convenio que ofreceu a Xunta, o importe son 90.000 euros e o ivo a cargo do Concello, dixemos que si, o uso é forestal e manterase o tractor actual para facer máis traballos, a maquinaria gárdase nave do Concello, cando está traballando lonxe queda no lugar.

B.1.2. Moito falou a Alcaldía da depuradora de augas residuais de Momán mais non temos coñecemento de que se levase a cabo ningunha obra; polo exposto, formulamos as seguintes preguntas:

- Que xestións se fixeron para conseguir axudas para acometer a obra?
- Cal é o motive de que non se estea levando a cabo a depuradora?

Resposta Sr. Alcalde: falouse coa Consellería de Infraestruturas e co Xefe territorial, pedíuselle a Xunta que acometa esa reforma porque o custo é elevado, fixerónse as xestións e pediuse, logo depende da Administración autonómica.

B.1.3. Nos pasado días producíronse problemas de abastecemento de auga en varias parroquias do concello, con cortes puntuais que se alongaban varias horas durante as tardes. Como vén sendo habitual, non se notificaron os cortes de auga ás veciñas e veciños nin se lles deu ningún tipo de explicación; polo exposto, formulamos as seguintes preguntas:

- A que se deben estes cortes na traída municipal?
- A día de hoxe, segue habendo problemas de abastecemento de auga?
- De onde proveñen as captación da auga?
- Ofrece o 100% de garantía de potabilidade a auga da traída municipal?
- As captacións de auga do concello están intercomunicadas ou son independents?
- Cal é o motive de que un camion cisterna colla auga da traída municipal?

Resposta Sr.Alcalde: en canto aos cortes de auga mándabase ao fontaneiro debido a seca actual dos mananciais, hai problemas puntuais, cando hai avaría non da reuperado no momento; fixose un pozo novo en Burgás, intétase que todo o abastecemento estea clorado, está todo intercomunicado menos Momán; no relative collida de auga da traída realizouna unha empresa sen autorización, o mesmo día que avisaron de Roupar prohibíuselle.

B.1.4. Se mal non lembramos, nos orzamentos de 2016 o equipo de goberno contemplaba o arranxo de varias beirarrúas do Concello e case dous anos despois seguen sen acometerse; polo exposto, formulamos as seguintes preguntas:

- Cando ten pensado levar a cabo as obras de arranxo de beirarrúas?



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

- Cal é o motive de que non se levasen a cabo se estaban orzamentadas?

Resposta Sr.Alcalde: algún retoque se fixo, houbo un obradoiro que non aprobaron onde estaba Roupar e Xermade, haber si para o ano se acomete, a parte do Concello xestionouse.

O concelleiro Sr. Guerra Gonzalez aclara que se fixo transferencia polo Pleno da partida de materiais a subministros e pago de alumado despois de denegar a Xunta o obradoiro.

B.2. Presentadas por escrito polo voceiro do grupo Popular, D. Antonio Riveira Requeijo.

B.2.1. En datas recentes a Xunta de Galicia acometeu unha mellora na Estrada LU-540 Viveiro-Cabreiros, que incluía o fresado de parte dos viais, coa retirada do material por parte da empresa adxudicataria, e a posterior reposición de aglomerado en quente.

No concello de Xermade víronse importantes cantidades deste material obtido do fresado da Estrada, sendo empregados en varios puntos do concello.

- Que coste supoñen para o Concello estes traballos?
- En que puntos do Concello de Xermade se utilizou este material?
- Que criterios empregou para decidir os puntos de uso do material?

Resposta Sr.Alcalde: uns dez mil euros, empregouse na Armada, en Lousada a Carbeta, outro de Ribeira a Candamil e en Gandia-Lousada; os criterios foron que estaban en mal estado, o resto é a Comunidade de Montes, son os custos do Concello.

B.2.2. No mes de Agosto pasado presentouse no rexistro do Concello facture por Elaboración de inventario de camiños do Concello de Xermade por importe de 5.929 euros.

- Que criterios empregou para decidir as bases dos traballos?
- Está feito en coordinación coa elaboración do Plan Xeral?
- Que tén previsto facer co inventario?

Resposta Sr.Alcalde: os criterios son os de saber este Concello cales con camiños públicos, houbo bastantes problemas e trátase clarificar cales son camiños públicos e cales son camiños de servidume, si que está adaptado ao PXOM, está previsto expoñelo por parroquias, logo traelo a pleno para a súa aprobación inicial e sometelo a exposición pública.

B.2.3. Este verán, un membro da agrupación de protección civil de Xermade, presentou a súa renuncia comunicándollo ó presidente da Asociación e ó Alcalde de Xermade.

Nas manifestacións que realiza en ambas comunicacións sinala que os membros da asociación "non son de un solo partido político...". Así mesmo indica que "se está poniendo en duda desde este ayuntamiento y por medio de partidos políticos contrarios de mi Buena fe y voluntad por unos hechos ocurridos el 27 de junio de este año y del que soy totalmente inocente...".

Ante esas declaracíons, dirixidas tamén a esa alcaldía, ó falar de partidos políticos contrarios, gustaríanos saber en que tén constancia de que o Partido Popular en Xermade, fixera algunha declaración ou actuación que puxera en dúbida a boa fe e vontade deste membro de protección civil.



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

Os supostos feitos dos que fala, que saibamos, non están sendo investigados a nivel municipal, polo que o organismo competente dictará a resolución oportuna, se procede. Mientras tanto desde tó dolos ámbitos debe respectarse as investigacións que se poidan realizar, e tamén a presunción de inocencia de calquer suposto investigado.

Esperamos que como alcalde nos aclare o seu coñecemento da situación creada, e por iso lle formulamos as seguintes preguntas:

- Ten constancia o Alcalde que na Agrupación de protección civil de Xermade están representados grupos políticos?. Considera que é un órgano político?
- Presionou o Alcalde a este membro de protección civil para que abandonara a súa labor, que era notoria en actos do Concello de Xermade, polos presuntos feitos cometidos?
- Ten constancia de que desde outros grupos políticos do Concello de Xermade non se respetara a presunción de inocencia e a boa fe e vontade do renunciante?

Resposta Sr. Alcalde: non ten constancia de representación de grupos políticos nin que sexa un órgano político, nin presionou a ninguén para que abandoara, nin que desde outros grupos houbera nada, espera a resolución xudicial, nada máis, non falou con esa persoa nin sabe nada, hai que pensar na presunción de inocencia e nada máis.

B.2.4. Na fin de semana do 16 e 17 de setembro, o Alcalde de Xermade, aparecía en varios puntos e actos dentro e for a do Concello de Xermade, como se aprecia en notas aparecidas nos medios de comunicación. Segundo o cuadrante que a Consellería de Medio Rural facilitou ó Concello de Xermade tamén estaba exercendo as súas funcións de empregado público como Axente territorial (G: de 8:00 a 20:00). Esta situación non é nova, nine n fins de semán, nine n tardes, que consta como ocupado. Sorprende que un empregado público dispoña de todo o tempo necesario para acudir a actos lúdicos, luctuosos, oficiais e, sobre todo, extraoficiais.

Por eso, dende o grupo municipal do Partido Popular de Xermade, lle queremos fazer a seguinte pregunta:

- Como da encaixado a axenda sen incumprir as súas obrigas de empregado da administración autonómica?

Resposta Sr. Alcalde: vostede non é o meu superior xerarquico, o que acorde coa xefatura non llo vai a contestar, xa cando as eleccións fixeron xestións para obstaculizar a intervención na campaña electoral.

A Sra. Hermida Pico considera que ao Sr. Riveira Requeijo non ten que dar explicación, pero como Alcalde trouxo un cuadrante para compatibilizar o seu traballo e o pleno si ten que dar explicación. Respóstalle o Sr. Alcalde que do traballo do concello si, do meu traballo non.

B.2.5. En Xunta de Goberno da Deputación provincial do oito de setembro de doucezasepte aprobaouse a modificación segunda do convenio de colaboración no que a Deputación Provincial de Lugo, aporta 150.000 euros ó Concello de Xermade para a execución de diversas obras. (Aportación que, por certo, foi incapaz de facer durante oito anos que duraron as dúas



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

anteriores lexislaturas, benvida sexa).

Nas propostas de inversion recollía o proxecto de Novas captacións de auga para incorporar aos depósitos de Buscalte e da Graña, logo substituído por Construción dun depósito de auga potable na parroquia de Burgás para a súa incorporación á traída municipal.

- Por que se fan esas modificacións no convenio en tan pouco tempo?
- Despois de tres veráns no goberno, tén claro as necesidades no abastecemento de auga do Concello e de ampliación das importantes instalacións existentes?
- Ó final, que se fai en Burgás, un depósito, un pozo, un remendo ou nada?
- Esudou algo os proxectos que estaban previstos acometer polo anterior goberno para seguir ampliando a importante rede de almacenaxe e transporte de auga acadada?

Resposta Alcalde: a modificación foi porque a traída non chega ao alto de Burgás, ademais de facer un pozo alí, pensamos en facer un depósito de almacenamento si a estiaxe segue haberá que seguer facendo captación de mananciais ou pozos, o depósito de Burgás é de 80 m<sup>3</sup> para atender as necesidades dos veciños, a estación de bombeo de Cabreiros con esta estiaxe está baixo.

B.3. Pregunta oral formulada pola concelleira do grupo Popular D<sup>a</sup>. Isabel Campello Ares.

B.3.1. No DOG publicouse a resolución do 29/12/2016 para subvencións a entidades locais para fomento da accesibilidade e sinalización de recursos turísticos no medio rural, precisamente na parroquia de Cazas non se destinou ningún recurso para sinalización, xa lle comentou o problema a Asociación de veciños, a resolución tamén fala da sinalización horizontal en estradas secundarias, a falta de sinalización pode crear varias confusións e accidentes.

- Solicitou o concello subvención, esta en concreto ou outra, para solucionar este problema? En caso afirmativo, para que punto do Concello?
- Fixo algunha xestión para solucionar este problema?
- Vai haber partida nos seguintes presupostos?

Resposta Sr.Alcalde: o da sinalización en Cazás xa o miramos, á Deputación se lle transmite a falta de sinais e as do Concello miramos as necesarias e meterémolo no orzamento, respecto a subvención non sei en que quedou, que problemas houbo, pero non houbo subvención.

B.4. Preguntas orais formuladas pola concelleira do grupo BNG D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> do Mar Hermida Pico.

B.4.1. Cando se vai facer unha gravación dos plenos en condicións para cumplir o acordado no pleno?

Resposta Sr. Alcalde: estamos pendentes dunha regulación deste asunto, xa se comprou unha gravadora e se grava, esperaremos a que se regule para un equipamento máis completo. O Secretario informa do proxecto en estudio que achegou a Dirección Xeral de Administración Local.

B.4.2. Cando se vai arranxer a pista que vai desde o campo de fútbol de Roupar ao acceso ao Portonovo?



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

Resposta Sr. Alcalde: haber si o próximo ano.

B.4.3. Que alegacións se fixeron ao EPIN de Lousada? En que estado están?

Resposta Sr. Alcalde: alegacións non se fixeron.

B.4.4. Hai uns anos mercouse unha parcela ao lado do cemiterio municipal para a súa ampliación, só se utiliza como aparcadoiro. Non hai espazo para alugar nin para a cesión para facer enterramentos. Cando se ten pensado investir nos nichos de acordo coa previsión orzamentaria anual? Cando se vai ampliar o cemiterio municipal?

Resposta Sr. Alcalde: haber si no ano que ven se pode consignar algo, inda hai ocos dentro.

B.4.5. Cando se van responder as alegacións presentadas ao PXOM?

Resposta Sr. Alcalde: faltaba algún informe sectorial, é por iso.

B.4.6. No pleno anterior dixo que en setembro ou outubro iría polas parroquias para que a veciñanza puidese facer alegacións ao inventario de camiños. A 11 de outubro non temos coñecemento destas visitas. Fíxoas? Se non é así, cando se van facer?

Resposta Sr. Alcalde: vanse facer, o mes que ven poñeremos para facelo.

B.4.7. Que xestións se fixeron sobre a proposta da asociación de veciños de Roupar para o centro de maiores?

Resposta Sr. Alcalde: transmitíuselle a Xunta de Galicia e a Deputación

B.4.8. Cando ten pensado convocar a comisión informativa aprobada no mes de xuño?

Resposta Sr. Alcalde: como as obras xa estaban, tampouco temos a designación de todos, se podedes mandar escrito.

B.4.9. Se protección civil non é "política" como di vostede, considera axeitado que o representante/voceiro sexa o tenente de Alcalde.

Resposta o concelleiro Sr. Guerra González: creo que xa se dixo que era o presidente, normalmente cando é un operativo por reclamación deportiva porque demanda axuda, se consulta si hai disponibilidade de voluntarios e se actúa. Despois outra forma de actuar é requirimento do 112 que vostedes o saben, o protocolo de actuación é, hai un teléfono ao cal van centralizadas todas as chamadas de emerxencias, o 112 chama e no momento se explica a situación que hai e xente disponible para saír nese momento, se lle contesta si pode ou non saír e despois dependendo do lugar que sexa será o voluntario dunha parroquia ou doutra.

A continuación prodúcese unha discusión na que a Sra. Hermida Pico indica que non se trata de sair ou non, senón que cando se chama sae o representante do Concello, que é o tenente de alcalde e que coñece o funcionamento; mentres o Sr. Guerra González insiste no funcionamento, a Dirección Xeral aparte do teléfono do Alcalde ten dous teléfonos para posibles emerxencias entre os cales están dous voluntarios da agrupación protección civil, sin non poden contactar polos motivos que sexan, chaman ao Alcalde, se quere tamén lle dan o seu teléfono si quere colaborar. A Sra. Hermida Pico insiste en que hai que ser moi pulcro nestas cousas, e o tenente de Alcalde non pode ser o representante de protección civil, guste ou non, dalle igual quen sexa.



# CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n, 27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982501001, Fax: 982501027  
e-mail: [xermade@concellodexermade.com](mailto:xermade@concellodexermade.com)  
[www.concellodexermade.com](http://www.concellodexermade.com)

O Sr. Alcalde tamén fala do funcionamento de protección civil e que poden estar os once concelleiros da Corporación, ao mesmo tempo hai que recoñer a labor que están a realizar os voluntarios de protección civil.

Finalmente toma a palabra a concelleira Da. María do Mar Hermida Pico indicando que leva seis anos como representante do BNG nesta Corporación e a veciñanza confiou neles, o que implica que estaba contenta co que estaban a facer, pero na vida hai que tomar decisións e este é o su último pleno por problemas persoais de familia que lle limitan a súa dispoñibilidade, gústalle vir a Xermade, vir ao Concello e preparar os plenos, hoxe despídese da Corporación e quere fazer catro matices:

Primeiro darlle as grazas ao funcionariado pola cortesía, a educación e o trato con eles, espera que corresponderan con ese respecto, solo a excepción puntual que é a da última Secretaria, fai referencia a súa actuación e que non facilitou que todo discorrise de maneira coloquial, é normal discutir nos plenos pero non coa tirantez que creou.

Alégrase de que o tempo lles dera a razón de non aceptar o corgoberno co PSOE e que os resultados de todo elo se vexan nas próximas eleccións.

Revisando a documentación decatouse de que coñece os motivos polos que o alcalde fixo filin co PP, déronse conta que o voceiro do PP estivo cobrando de concelleiro bastantes anos e oa mesmo tempo dunha entidade privada, o seu deber é facelo saber porque este pleno non aprobou a compatibilidade.

Por último desexarlle aso seus compañeiros que seguen que velen polos veciños, sabe que o van a facer moi ben e presentará a súa dimisión a próxima semana, desxando que vaia ben a todos.

O Sr. Alcalde indica que independentemente da discusión, alude ao traballo da Secretaria que se preocupa moito polo Concello, de xestionar, de esixir, a veces poñer as pilas ao equipo de goberno, terá os seus defectos pero está a facer unha boa actuación; agradécelle a concelleira o esforzo deste anos, non chegaron a pacto de goberno pero as cousas foron así, lamenta a perda da concelleira do BNG e deséxalle a mellor sorte na vida privada, as cousas persoais obrigan a tomar decisión, asi que moita sorte.

O voceiro do grupo Popular Sr. Riveira Requeijo deséxalle o mellor, e o do filín non o entende, o aclararán.

Non habeno máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Secretario

O Alcalde

Asdo. Roberto García Pernas

Asdo. Antonio López Vila